

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Aprobación inicial da modificación terceira da Ordenanza reguladora da administración electrónica municipal

Edicto de exposición pública da modificación terceira da Ordenanza reguladora da administración electrónica municipal

O Pleno do Concello de Bergondo, en sesión extraordinaria celebrada o día 16 de maio de 2019, aprobou inicialmente a modificación terceira da Ordenanza reguladora da administración electrónica municipal.

Por medio do presente edicto ábrese un período de información pública polo prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado o expediente completo na secretaría do Concello e aos efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións ou suxerencias que se estimen oportunas. Expoñerase tamén na páxina web municipal www.bergondo.gal e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal <https://sede.bergondo.gal/opencms/gl/informacion/tablon/> o texto íntegro da modificación da Ordenanza.

De conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o acordo plenario inicial entenderase definitivo no caso de que non se presente ningunha reclamación, procedéndose á publicación íntegra da Ordenanza á que fai referencia o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Bergondo, 16 de maio de 2019

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2019/3918